

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 11 DE MARZO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dos treitos antigos da estrada provincial 9208 Noalla-Aios da Deputación Provincial de Pontevedra a prol do Concello de Sanxenxo
- Decreto polo que se dispón que cese Hipólito Pérez Novo como director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Decreto polo que se nomea a María Martínez Allegue como directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en soldadura e caldeiraría
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en construcións metálicas
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en vitivinicultura
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en mantemento de instalacións térmicas e de fluídos

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula o procedemento para o nomeamento de persoal emérito no ámbito sanitario

ACORDOS

CONSELLERÍA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago de Compostela, para a realización do 'Programa de reeducación para maltratadores de xénero: Plan de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia', por un importe de douscentos mil euros (200.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza o gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas, ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e a Estación de Hidrobioloxía Encoro do Con, da Universidade de Santiago de Compostela, para a validación experimental do tratamento con palla de cebada sobre as floracións de cianobacterias no encoro das Forcadas (Valdoviño) por importe de cento vinte e un mil cento noventa euros con trinta céntimos (121.190,30 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Monforte coa sociedade estatal *Aguas de la Cuenca del Norte*, para a construción e explotación da actuación de ampliación e mellora do sistema de tratamento de auga potable de Monforte de Lemos por importe de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000,00 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Oia, para a execución da obra da rede de saneamento nas proximidades da PO-552. Concello de Oia (Pontevedra)", clave OH.336.919, por importe de douscentos cincuenta e un mil cincocentos trinta e dous euros con oitenta céntimos (251.532,80 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Cabana de Bergantiños, para a execución da obra de abastecemento de auga potable a Nantón e Añós. Concello de Cabana de Bergantiños, clave

OH.215.891, por importe de novecentos cincuenta e nove mil seiscientos setenta e sete euros con setenta e oito céntimos (959.677,78 €)

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 80% do importe das subvencións sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, correspondentes á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, aos clusters empresariais galegos para a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010
- Acordo polo que se declara o proxecto “L.A.T. 132 KV Gondomar–O Rosal” (Concellos de Gondomar, Tomiño, Oia e O Rosal (Pontevedra)), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia
- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade, excepcionar a achega de garantías reais e superar o prazo máximo de vixencia de cinco (5) anos na concesión de avais a *Género de Punto Montoto, SA*. Expedientes nº AV/0586 e AV/0588, por un importe de mil cincocentos sesenta e tres mil oitocentos euros (1.563.800 €)

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo entre o S.A Xestión do Plan Xacobeo e o Cabido de Santiago

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10% da subvención, no momento da concesión, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria e se autoriza establecer compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1 b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer, na orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2010

e 2011 de programas integrados para o emprego, anticipos superiores ao 10% e compromisos de carácter plurianual

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual, recollido na orde pola que se establecen as bases e se regulamenta o procedemento para a concesión de axudas para a realización de proxectos de promoción sociocultural e divulgación nas comunidades pescadoras e o sector pesqueiro para o bienio 2010-2011, e a exención da obriga de constituír garantías aos pagamentos a conta

INFORMES

CONSELLERÍA SANIDADE

- Informe sobre o expediente único do profesional sanitario

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do proxecto de orde polo que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito da colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2010

A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA O TRASPASO DOS ANTIGOS TRAMOS DA ESTRADA PROVINCIAL NOALLA-AIOS EN FAVOR DO CONCELLO DE SANXENXO

- *A lonxitude total que suman os cinco tramos é de 498 metros e abarcan un superficie de 6.773 metros cadrados*
- *Os tramos corresponden a treitos anexos á estrada provincial polo que non afectan o seu itinerario*
- *O mantemento e a conservación destes melloraría e poderían ser destinados ao uso público xeral, incluso como áreas de descanso*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o traspaso da antigos tramos da estrada provincial EP- 9208 Noalla- Aios en favor do concello pontevedrés de Sanxenxo. A lonxitude total que suman os cinco tramos que pasan a ter titularidade deste concello será de 498 metros e unha superficie de 6.773 metros cadrados.

Os tramos corresponden a treitos anexos á estrada provincial polo que non afectan ao itinerario desta, razón pola cal a proposta do Concello de Sanxenxo se considera adecuada. Os treitos concretos que pasan a ser de titularidade do Concello están situados nos puntos quilométricos correspondentes á estrada provincial; 2+200 (67 metros de lonxitude), 2+400 (120 metros), 2+ 800 (66 metros), 2+ 856 (110 metros) e 2+ 966 (135 metros).

Procedemento do traspaso

O Concello de Sanxenxo solicitou á Deputación de Pontevedra o traspaso da titularidade dos tramos citados anteriormente. Os informes técnicos que presentou o Concello aluden á escasa importancia dos tramos xa que son variantes de trazado da estrada provincial e non afectan o itinerario principal. Debido a isto, o mantemento e a conservación destes melloraría e poderían ser destinados ao uso público xeral, incluso como áreas de descanso.


Despois de recibir a solicitude, o 4 de marzo de 2009 a Corporación Provincial acordou o cambio de titularidade dos treitos solicitados polo Concello.

Finalmente, o 29 de setembro do 2009 o Servizo de Explotación emitiu un informe favorable á cesión do tramos solicitados polo Concello por parte da Deputación de Pontevedra.

Aínda que a estrada non é de titularidade autonómica, calquera cambio de titularidade das estradas galegas deberá ser aprobado por decreto da Xunta de Galicia tras a proposta do organismo responsable das infraestruturas, polo que ese departamento fará de canal transmisor entre a Administración autonómica e a Administración local ou provincial.



O traspaso será efectivo nun prazo de dous meses posteriores á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG).



TREITO 1

Pk. 2+200
Lonxitude treito: 67 metros
Superficie Deputación (7 m do eixe): 295 m²
Superficie Concello: 280 m²
Superficie Total: 575 m²

TREITO 2

Pk. 2+400
Lonxitude treito: 120 metros
Superficie Deputación (7 m do eixe): 475 m²
Superficie Concello: 575 m²
Superficie Total: 1.050 m²

TREITO 3

Pk. 2+800
Lonxitude treito: 66 metros
Superficie Deputación (7 m do eixe): 254 m²
Superficie Concello: 189 m²
Superficie Total: 443 m²

TREITO 4

Pk. 2+856
Lonxitude treito: 110 metros
Superficie Deputación (7 m do eixe): 602 m²
Superficie Concello: 3.078 m²
Superficie Total: 3.680 m²

TREITO 5

Pk. 2+966
Lonxitude treito: 135 metros
Superficie Deputación (7 m do eixe): 565 m²
Superficie Concello: 1.731 m²
Superficie Total: 2.296 m²

A XUNTA NOMEA A MARÍA MARTINEZ ALLEGUE COMO DIRECTORA DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- *O consello de dirección da APLU foi informado esta semana do devandito nomeamento por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá aprobou o nomeamento de María Martínez Allegue como nova directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. O consello de dirección da APLU foi informado esta semana do devandito nomeamento por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

María Martínez, que substitúe a Hipólito Pérez Novo no cargo, é licenciada en Dereito e na actualidade desempeña o cargo de tesoureira no Concello de Marín. O perfil profesional da nova directora da Aplu destaca pola súa formación relacionada co urbanismo e os trámites procedimentais administrativos, o planeamento e as técnicas de xestión, control e disciplina urbanística.

Tamén destaca o seu coñecemento da administración, xa que exerceu de secretaria no Concello de Mos, dende xullo de 2007 ata maio de 2009, e no Concello de Tui, dende abril de 2004 ata xullo de 2007. Ademais, desempeñou o cargo de secretaria-interventora no concello de Lousame dende agosto de 2003.

Con este nomeamento o Goberno galego aposta polo impulso da APLU, unha vez superada a etapa de creación e implantación deste organismo, que ten como obxectivo velar por unha correcta ordenación territorial. Neste sentido, a Xunta pretende impulsar a colaboración activa cos concellos e facilitar o exercicio dos dereitos dos cidadáns en relación co territorio e garantir a obxectividade na aplicación da normativa urbanística.

EDUCACIÓN CONTINUÁ COA ADAPTACIÓN DOS CICLOS FORMATIVOS Á LOE, CON CATRO NOVOS CURRÍCULOS

- *O Goberno actual terá adaptado 20 currículos, mentres que o equipo anterior só adaptou 6 títulos en toda a lexislatura*
- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos currículos dos ciclos de Soldadura e Caldeiraría, Construcións Metálicas, Vitivinicultura, e Mantemento de Instalacións Térmicas e de Fluídos*
- *A modificación dos currículos favorece a inserción laboral e a mobilidade cara ao Bacharelato e os estudos universitarios*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a adaptación aos requerimentos da Lei orgánica de educación (LOE) dos títulos de grao medio en soldadura e caldeiraría; e de grao superior en Construcións Metálicas, en Vitivinicultura, e en Mantemento de Instalacións Térmicas e de Fluídos. Cos novos decretos aprobados polo Consello, garántese para os estudantes deste ciclos formativos un maior grao de inserción laboral, e favorécese a mobilidade cara ao Bacharelato e aos estudos universitarios.

Con este visto e praxe, os currículos dos estudos quedan modificados, adaptándose o temario da Comunidade Autónoma de Galicia ao Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais.

Deste xeito, a Consellería de Educación continúa co proceso de modernización da Formación Profesional, que ten como obxectivo a súa posta en valor, como un sistema de oportunidade, especialmente nestes tempos de crise. De feito, o actual Goberno adaptará 20 ciclos de FP, fronte aos 6 que modernizou o anterior equipo da Consellería en catro anos de lexislatura.

Mobilidade e empregabilidade

Coa modificación dos currículos aprobada hoxe, os ciclos formativos inclúen un módulo de formación en centros de traballo do contorno produtivo do alumnado, de tal modo que complete a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo do centro. Ademais, os alumnos e alumnas destes ciclos formativos recibirán formación para a prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, o que lles permitirá obter do certificado de prevención de riscos laborais de nivel básico. Deste modo, a Formación Profesional incorpora novos valores, que favorecen o xa de por si alto grao de empregabilidade que caracteriza estes estudos.

Por outra banda, os estudantes de grao superior poderán acceder directamente á Universidade, e convalidar os seus estudos por créditos universitarios ECTS, co que se favorece a mobilidade cara ao Bacharelato e os estudos universitarios. Así mesmo, e para fomentar a formación ao longo da vida, quedan determinadas as correspondencias

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, no caso de profesionais con competencias adquiridas a través da experiencia laboral e outras aprendizaxes non formais.

O obxectivo desta reforma integral da FP por parte do Goberno galego é o de poñela en valor, elevándoa aos niveis de recoñecemento dos que goza nos países da Unión Europea.

A XUNTA REGULA O NOMEAMENTO DE PERSOAL EMÉRITO NO ÁMBITO SANITARIO

- *É a primeira vez que se recoñece en Galicia a existencia desta figura, xa que ata o momento só a había no eido universitario*
- *Distinguirá profesionais médicos cunha traxectoria singularmente importante e manterá a súa vinculación cos centros sanitarios*
- *Estes realizarán funcións de consultoría, asesoría e formación, o que permitirá aproveitar a experiencia e coñecementos adquiridos durante a súa vida laboral*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se regula o procedemento para o nomeamento de persoal emérito no ámbito sanitario. Con este texto quérese recoñecer o prestixio de profesionais sanitarios xubilados e facilitar, durante o período de tempo establecido e mentres as súas condicións de saúde o permitan, a existencia dunha relación activa coa institución sanitaria. Así, poderán realizar funcións de consultoría, asesoría e formación, o que permitirá aproveitar a experiencia e os coñecementos adquiridos durante a vida laboral previa á súa xubilación.

Polo tanto, o seu obxecto é regular o procedemento para o recoñecemento, con carácter excepcional, da condición do persoal emérito das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, así como os dereitos inherentes a este recoñecemento e o réxime de actividades deste persoal. É a primeira vez que se recoñece en Galicia a existencia desta figura, xa que ata o momento só a había no eido universitario.

O decreto será de aplicación ao persoal licenciado en medicina e cirurxía que cese como estatutario fixo ao acceder á condición de xubilado, que teña unha traxectoria especialmente distinguida na asistencia, na docencia ou na investigación sanitaria e que estivera prestando os seus servizos no Servizo Galego de Saúde no momento da súa xubilación.

Méritos para o nomeamento

Para ser nomeado persoal emérito débense cubrir unha serie de requisitos, como encontrarse en situación de xubilación e non ter cumprido 72 anos; ser persoal licenciado en medicina e cirurxía estatutario fixo en servizo activo no Sergas no momento de xubilarse; ter prestado polo menos dez anos de servizo activo no Sergas; ter recoñecido o grao IV na carreira profesional; acreditar méritos especialmente relevantes no ámbito da asistencia sanitaria, a docencia ou a investigación; e acreditar a capacidade funcional necesaria para realizar as actividades de consultoría, informes e docencia que lle sexan asignadas.

Neste sentido, consideraranse méritos para o nomeamento o labor desempeñado no ámbito asistencial, docente e de investigación; o deseño, asesoría, dirección, coordinación e participación en iniciativas que contribuíran coa súa posta en marcha a mellorar as prestacións do Servizo Galego de Saúde; o desempeño de cargos de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

responsabilidade; as estancias en institucións sanitarias, científicas ou académicas estranxeiras que repercutiran favorablemente no funcionamento do sistema sanitario público galego; e, no caso de investigadores, posuír o grao de doutor.

O persoal emérito poderá desempeñar no centro sanitario a que estea adscrito actividades de consultoría, asesoría e formación no ámbito da súa especialidade; de deseño de programas e propostas de mellora de capacidades docentes, investigadoras e asistenciais; de programas de calidade en relación coa coordinación de niveis asistenciais; e de programas de integración institucional e de relación comunitaria e cidadá.

Unha vez aprobado o decreto, publicarase unha Orde da Consellería de Sanidade na que se establecerá o número máximo de designacións de persoal emérito que se poderá realizar. A dedicación determinarase no correspondente nomeamento, no que se especificará o número de horas semanais, cun límite máximo total de 700 horas anuais. O nomeamento como persoal emérito farase por un período dun ano, que se poderá prorrogar por períodos da mesma duración.

En todo caso, a duración máxima do nomeamento como persoal emérito non poderá superar en total os sete anos ou a idade máxima de 72 anos establecida no decreto. O Consello da Xunta de Galicia determinará as gratificacións correspondentes ao persoal emérito. Unha vez extinguido o nomeamento, a condición de persoal emérito será vitalicia, con carácter honorífico e sen gratificación.

A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN NA REEDUCACIÓN DE MALTRATADORES DE XENERO

- *O programa está destinado a suxeitos condenados por delitos relacionados coa violencia de xénero*
- *O orzamento incrementouse nun 62% con respecto ao convenio do ano anterior*

O Consello da Xunta aprobou hoxe na súa xuntanza semanal a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade de Santiago (USC) para a realización do "Programa de Reeducación para maltratadores de xénero. Plan de actuación na comunidade autónoma de Galicia", que se porá en marcha en coordinación e baixo a supervisión da Dirección Xeral de Xustiza e a unidade de Psicoloxía Forense da USC

Dende 2005, a Consellería de Presidencia vén renovando anualmente o convenio de colaboración coa Universidade para posibilitar o desenvolvemento do Programa. Como novidade do convenio deste ano cómpre salientar que o programa servirá para implementar un proxecto definido polo Ministerio de Igualdade, que consiste en incorporar os criterios comúns de calidade establecidos polo Ministerio, co que a Xunta traballa de xeito coordinado na implementación dos criterios de calidade na execución dos programas de reeducación dos maltratadores.

O programa terá un orzamento de 200.000 euros, o que supón un incremento dun 62 % con respecto ao orzamento do ano anterior. As intervencións reeducativas realizaranse en dependencias da Academia Galega de Seguridade Pública, na Estrada, con homes condenados por delitos de violencia de xénero, que obtiveron a substitución da pena coa condición de someterse a este programa de reeducación social. Un programa que comprende tratamentos psicolóxicos, mecanismos de readaptación, resocialización, rehabilitación e outros procedementos técnicos.

Obxectivos do programa

Este programa pretende acadar obxectivos xerais coma a erradicación de crenzas irracionais, mitos e estereotipos sexistas, eliminación de patróns de conduta agresivos ou violentos cara á muller, educación en igualdade de xénero, internalización de condutas alternativas ao emprego da violencia cara á muller, respecto á muller e mantemento do autocontrol.

Estes programas de reeducación considéranse imprescindibles xa que constitúen un estrito e fundamental control da reincidencia dos agresores e a subsecuente evitación de futuras agresións. Trátase de abordar a problemática da violencia de xénero non só desde a perspectiva da vítima, algo necesario pero insuficiente para acadar o obxectivo común de erradicar a violencia de xénero.

Comisión de seguimento

Para facilitar o seguimento do convenio entre a Xunta e a USC, crearase unha Comisión Mixta integrada por tres representantes da Consellería de Presidencia -o conselleiro, o director xeral de Xustiza e o subdirector xeral de Relacións coa Administración de Xustiza- e tres representantes da Universidade de Santiago de Compostela -o reitor e o director e outro representante da Unidade de Psicoloxía Forense-. As persoas que desempeñen estes cargos poderán delegar as súas funcións en quen consideren conveniente.

A XUNTA DESTINA 5 MILLÓNS DE EUROS PARA A EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR

- *A Consellería de Presidencia aprobou unha orde que establece as bases reguladoras da concesión de subvencións para este tipo de proxectos, así como para actividades de educación e de fortalecemento de ONGD*
- *As solicitudes para estas axudas poderán presentarse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de publicación da resolución no DOG*

O Consello a Xunta aprobou na súa reunión de hoxe unha orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior; actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD). A convocatoria terá carácter plurianual (2010-2011) e financiarase cun importe total de cinco millóns de euros.

As solicitudes para estas axudas poderán presentarse na Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (rúa Feáns, 5, baixo, 15705 Santiago de Compostela) no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia (DOG). A valoración das solicitudes estará ao cargo dunha comisión avaliadora formada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, en calidade de presidente, e tres funcionarios deste departamento, que actuarán como secretario e vogais.

Proxectos de cooperación

As axudas a proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior están destinadas ás organizacións non gobernamentais, universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos e comunidades galegas no exterior que teñan a condición de axentes de cooperación. Os requisitos que deben reunir son, entre outras, estar inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o desenvolvemento –con polo menos seis meses de antelación á publicación desta convocatoria–; formar parte do Sistema Universitario de Galicia, no caso das universidades; ter xustificadas as axudas recibidas para as anualidades 2008 e anteriores por parte da Xunta de Galicia a outros proxectos de cooperación; e ter sede, domicilio social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, agás as comunidades no exterior.

Pola súa banda, os requisitos que se lle esixen aos proxectos son non estar iniciados con anterioridade ao 2 de xaneiro de 2009; identificar contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución; non substituír o Estado na prestación de servizos públicos de saúde, educación regulada ou investigación oficial; redundar na ampliación das capacidades e as liberdades das poboacións beneficiarias; repercutir práctica e cuantificablemente na satisfacción das necesidades básicas da poboación das

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

zonas máis desfavorecidas do país beneficiario; e que o proxecto se axuste tanto á realidade como á capacidade de xestión da entidade solicitante e da súa contraparte.

A Xunta de Galicia poderá financiar ata un 95% do orzamento total do proxecto, non sendo, en ningún caso, a subvención concedida superior aos 175.000 de euros ou aos 350.000 nos proxectos presentados por varias entidades. A valoración das solicitudes comprenderá a análise da entidade solicitante, o socio local e o contido do proxecto.

Na elección destes proxectos terán prioridade países de América central –Honduras, O Salvador, Nicaragua e Guatemala-; o Caribe –Haití e República Dominicana-; América do Sur –Perú, Ecuador e Bolivia-; África -Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique- e a poboación saharauí. Ademais, de acordo co Plan director da Cooperación Galega, teranse especialmente en conta que os proxectos cubran as necesidades sociais básicas, promovan o tecido económico, potencien a participación social e invistan no ser humano, entre outros criterios.

Educación para o desenvolvemento

A orde tamén regula a concesión de subvencións a ONGD para actividades de educación para o desenvolvemento en Galicia nos ámbitos de sensibilización, formación, investigación e mobilización social. Os requisitos destes proxectos son non deberán estar iniciados antes da data de publicación da convocatoria; desenvolverse no territorio galego e que non vaian dirixidos exclusivamente aos membros da propia organización.

Así mesmo, valoraranse para a súa concesión, o potenciamento de accións que fomenten na sociedade galega os valores da solidariedade e da cooperación ao desenvolvemento; permitan a participación activa da cidadanía ou colectivos destinatarios; difundan os obxectivos de desenvolvemento do milenio; promovan o comercio xusto e o consumo responsable ou promovan a equidade de xénero ou a difusión do papel das mulleres como artífices clave do desenvolvemento das súas comunidades na erradicación e loita contra a pobreza.

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE poderá financiar ata un 90% do orzamento total do proxecto, non superando en ningún caso as subvencións concedidas os 25.000 euros. Nos proxectos presentados por varias entidades o financiamento será de ata o 95% e a cantidade máxima subvencionable de 50.000 euros.

Consolidación e fortalecemento das ONGD

Pola súa banda, a última liña de axudas é para a consolidación e fortalecemento de ONGD, con domicilio social ou sede permanente en Galicia. O fin último desta convocatoria é completar na Comunidade galega o máximo de fases posibles do ciclo do proxecto no ámbito de cooperación –identificación, formulación, xestión, avaliación e promoción de actividades propias- coa máxima garantía de eficiencia e calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Neste caso, a Xunta de Galicia poderá financiar ata un 90% do rozamento total do proxecto, non podendo superar a subvención concedida os 30.000 euros -para as entidades con enderezo social en Galicia- e 20.000 euros, para aquelas con delegación permanente no territorio galego.

Para obter máis información sobre esta convocatoria de axudas pódese consultar a páxina web da cooperación galega, www.cooperaciongalega.org, así como formular os problemas, dúbidas ou aclaracións pertinentes na propia Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE ou a través do enderezo electrónico cooperacion.exterior@xunta.es.

A XUNTA FINANCIA UN ESTUDO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PARA O TRATAMENTO DAS FLORACIÓNS DE CIANOBACTERIAS NO ENCORO DAS FORCADAS, EN VALDOVIÑO

- *Medio Ambiente inviste unha cantidade económica de 121.000 euros*
- *O obxecto do plan é deter a proliferación de cianobacterias mediante o emprego de palla de cebada co fin de protexer a fauna e a flora*
- *O éxito do método consiste na aplicación do tratamento con antelación ao aumento das bacterias, dosificación e aireación adecuada da palla, colocación apropiada na masa da auga e correcta circulación da auga*
- *O plan de traballo levarase a cabo durante un ano e medio, tomando mostras da auga cada mes para finalmente, elaborar análises e conclusións finais*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a estación de hidrobioloxía Encoro do Con, da Universidade de Santiago de Compostela (USC), para a validación experimental do tratamento con palla de cebada sobre as floracións de cianobacterias no encoro das Forcadas, en Valdoviño.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas realiza unha achega económica de máis de 121.000 euros distribuídos en dúas anualidades, significando isto unha achega de 88.122 euros no presente 2010 e 33.067 no vindeiro ano 2011.

Minimización de cianobacterias

Cómpre sinalar que as cianobacterias son bacterias capaces de realizar fotosíntese osixénica, coñecidas máis comunmente por algas verdeazuladas. Colonizan ecosistemas terrestres e, sobre todo, acuáticos, dando lugar a formacións coñecidas como floracións. Algunhas cianobacterias producen toxinas e poden provocar a mortalidade dos animais que habitan o mesmo ambiente ou beben esa auga.

O obxecto do dito acordo é a execución do tratamento con palla de cebada sobre as floracións de cianobacterias no encoro das Forcadas co fin de controlar o crecemento masivo destas poboacións e permitir resolver os problemas asociados a estas. Deste xeito, protexerase a fauna e a flora do contorno do citado encoro, evitando que a multiplicación das bacterias cause prexuízos.

A hipótese de partida apóiase nas propiedades da palla de cebada para a supresión do crecemento das cianobacterias. A palla proporciona o carbono necesario para o aumento microbiano limitado por este elemento. Así, coa dispoñibilidade de carbono asegurada, prodúcese un incremento das comunidades microbianas e, como consecuencia, cantidades significativas de fósforo son desviadas. A palla, ao descompoñerse, provoca indirectamente un descenso do fósforo dispoñible para as cianobacterias, converténdoo

por tanto nun factor limitante, sen necesidade de existir inhibición por liberación de compostos químicos.

O éxito do método consiste na aplicación do tratamento con antelación á proliferación das bacterias, dosificación e aireación adecuada da palla, colocación apropiada na masa da auga e correcta circulación da auga. Tamén inflúen o tipo de palla empregada e as condicións nas que a cebada fora cultivada.

Cronograma de traballos

O plan de traballo levarase a cabo ao longo dun ano e medio, abarcando o ciclo completo de floración no encoro das Forcadas, onde se veñen rexistrando cianobacterias dende o ano 2007.

O deseño experimental inclúe a instalación de 12 limnocorrais flotantes cilíndricos, dos que 4 se utilizarán como control e os restantes se someterán a tratamentos con palla de cebada en diferentes doses. En cada limnocorral tomaranse catro mostras mediante botellas e mangas.

O experimento comeza con doses iniciais que se manterán seis meses, momento no que segundo os resultados, se renovará a palla e se cambiarán as doses experimentais. Ademais, os limnocorrais visitaranse cada mes e tomaranse mostras de auga e fitoplancto en distintas condicións. A experimentación manterase doce meses, de forma que os seis meses restantes dedicaranse á análise dos resultados e á redacción das conclusións finais.

A XUNTA COMPROMETE O INVESTIMENTO NECESARIO PARA MELLORAR O ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE AOS 20.000 HABITANTES DO CONCELLO DE MONFORTE

- *As actuacións consideran a instalación dunha estación de tratamento de auga potable (ETAP), un depósito de bombeo e varias conducións*
- *O obxecto deste proxecto é resolver as carencias do Concello de Monforte en infraestruturas hidráulicas, mellorando así as condicións de vida dos seus habitantes*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un convenio de colaboración entre o Concello de Monforte, Augas de Galicia e a Sociedade Estatal Aguas de la Cuenca del Norte (Acuanorte) para a ampliación e mellora do sistema de tratamento de auga potable en Monforte.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas realiza unha achega económica dun total de 2,5 millóns de euros distribuídos do seguinte xeito: 375.000 euros no presente 2010; 500.000 euros no 2011; 1.250.000 euros no 2012; e 375.000 euros no 2013. A actuación de mellora, cuxo orzamento total é de 6,1 millóns de euros, tamén recibirá a aportación de máis de 3 millóns de euros por parte de Acuanorte e 612.000 euros a cargo do concello.

O obxecto do citado acordo é a execución das obras de ampliación e mellora do sistema de tratamento de auga potable de Monforte de Lemos. Deste xeito, instalarase unha estación de tratamento de auga potable con capacidade de 230l/s situada nunha parcela anexa á ETAP existente e un depósito de bombeo de 2.500 m³ situado no terreo da nova estación. Ademais, en Ribasaltas- O Cornado executarase unha condución de impulsión de 255 metros e un depósito de 3.500 m³. Tamén se realizarán obras accesorias de regulación e control, concretamente, conexións de depósitos en San Vicente e Piñeira. O número de beneficiarios ascende a case 20.000 habitantes deste concello.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración técnico-financeira nestes tipos de actuacións, pretende resolver as carencias en infraestruturas, neste caso hidráulicas, dos concellos galegos. Así, proporcionanse uns servizos axeitados que permitirán a mellora da calidade de vida dos habitantes do citado concello lugués.

Dende a Consellería de Medio Ambiente deféndese a materialización desta actuación debido ás necesidades de renovación, ampliación e mellora que demanda o sistema de abastecemento de auga potable que da servizo ao Concello.

Obrigas

Por unha parte, a Xunta de Galicia comprométese a participar no financiamento das obras de ampliación do tratamento de auga potable.

Pola súa banda, o Concello de Monforte de Lemos, no referente á execución dos traballos, debe supervisar o proxecto constructivo e aprobar a súa integración no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello. Tamén tramitará e aprobará o expediente de bens e dereitos afectados de expropiación polas obras.

Finalmente, a Acuanorte correspóndelle a determinación do contido dos proxectos, así como a licitación e execución das obras.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 250.000 EUROS EN OIA PARA ELIMINAR AS VERTEDURAS DE AUGAS RESIDUAIS AO MAR DENDE OS NÚCLEOS QUE SE ATOPAN NO BORDE DO LITORAL

- *O prazo de execución é de catro meses*
- *A nova instalación terá como obxectivo dotar de saneamento as vivendas de recente construción situadas ao longo da estrada Vigo-Tui (PO-552)*
- *A obra consistirá na posta a punto de dous novos colectores e dúas novas cámaras de bombeo que conectarán coa estación depuradora de Pedornes*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a colaboración técnico- financeira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello de Oia, en Pontevedra, para levar a cabo a execución da rede de saneamento nas proximidades da estrada Vigo-Tui (PO-552), ao seu paso polo Concello de Oia. O departamento de Agustín Hernández, fará unha achega de 251.538 nunha soa partida neste 2010, para financiar a instalación da nova rede de saneamento.

Esta actuación hidráulica ten por obxecto dotar de saneamento ás vivendas de recente construción situadas ao longo da estrada PO-552, que veñen vertendo augas residuais ao mar pola inexistencia dun colector que chegase ata esa zona e, en definitiva, preténdese dar servizo aos núcleos que se atopan no borde do litoral.

A obra consistirá na instalación de dous novos colectores que terán unha lonxitude de 602,5 metros de lonxitude e 315 mm de diámetro cada un. Estes colectores conectarán coa Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Pedornes. Será preciso, tamén, instalar dúas cámaras de bombeo con capacidade para depurar 126 metros cúbicos de auga por hora.

O concello de Oia comprométese a poñer á disposición de Augas de Galicia os terreos necesarios para a construción da rede de saneamento libres de gravames, asumir as tarefas de mantemento e conservación da instalación e a actualización das tarifas de impostos derivadas da subministración do servizo.

A Consellería de Medio Ambiente, a través de Augas de Galicia, terá por obriga executar as obras da nova instalación no prazo acordado para, posteriormente, conectalas coas EDAR de Pedornes.

Esta actuación está prevista no Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015 que establece que os núcleos de máis de 100 habitantes deben dispoñer dun sistema adecuado de saneamento que estableza as condicións básicas para o desenvolvemento territorial deste.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Cómpre dicir que o Concello de Oia xa empezou a avanzar na tramitación necesaria para executar esta obra, pois xa someteu este proxecto á fase de información pública durante un período de 20 días hábiles posteriores á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia; concretamente o 25 de xaneiro. Deste proceso, non resultou ningunha alegación ao proxecto.

MEDIO AMBIENTE XESTIONARÁ 1,2 MILLÓNS DE EUROS PARA ADECUAR A REDE DE ABASTECIMENTO AO FUTURO PARQUE INDUSTRIAL DA COSTA DA MORTE, EN CABANA

- *Esta actuación tamén beneficiará os núcleos urbanos de Nantón e Anós*
- *A Xunta achegará un 80 do orzamento desta actuación hidráulica, que ten un prazo de execución de 6 meses*
- *Construirase unha estación de tratamento de auga potable, un depósito de 1.000 metros cúbicos de capacidade e unha nova captación no río Anllóns*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, xestionará un orzamento de case un millóns de euros para levar a cabo as obras de mellora na rede de abastecemento que servirá á zona na que se implantará o futuro Parque Empresarial da Costa da Morte, no concello de Cabana de Bergantiños.

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o acordo polo que se aproba a colaboración técnico financeira entre a Xunta e este concello coruñés. O orzamento total desta obra ascende a 1.199.597, dos cales o Goberno autonómico xestionará o 80 por cento do importe da actuación, mentres que o concello asumirá o 20 por cento restante.

Esta actuación tamén garantirá a subministración ás zonas de Nantón e Años, uns núcleos do Concello de Cabana que suman unha poboación de 1.500 habitantes. A acción hidráulica que se levará a cabo consiste na execución dunha nova captación de auga no río Anllóns e unha Estación de Tratamento de Auga Potable (Etap). O prazo previsto para a execución destas obras é de 6 meses.

Na actualidade, ás necesidades de abastecemento da zona resólvense de forma individualizada e particular, mediante pozos ou captacións en mananciais. Esta situación provoca unha subministración totalmente deficiente, escasa de caudal e de calidade. Ademais a futura implantación do Parque Industrial provocará unha maior demanda. Con este proxecto levaranse a cabo as actuacións necesarias para garantir a subministración de auga á poboación, en calidade e cantidade

Características técnicas

Concretamente, nas obras de captación farase unha toma mediante dous pozos filtrantes en paralelo con dúas bombas de 7,35 KW protexidas por unha rella de limpeza automática e grupo antiariete, capaces de elevar 100 m³/h. a 21 metros de altura, deixando prevista a situación para unha terceira bomba do mesmo tipo. O tempo medio de funcionamento é de 8 horas diarias.

A Etap situarase preto da captación, con capacidade para 100 m³/h. e consta de entrada de auga bruta, cámara de mistura con dosificación de reactivos, precloración, decantación, filtración, esterilización por ultra violeta, post-cloración e saída ao depósito

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

de auga tratada a través de 5.215 metros de impulsión, cun bombeo de bombas capaces de elevar 100 m³/h a 310 metros de altura, deixando prevista a localización para unha terceira bomba do mesmo tipo.

O depósito de auga tratada farase en formigón armado con dous vasos de 1.000 m³ de capacidade total, con cámara de claves anexa. O conxunto bombeo-depósito dotarase de mecanismos de telemando e telecontrol, e peches perimetrais con rede metálica. Por último, a rede de distribución será de case 2.000 metros de tubaxe. Así mesmo, levarase a cabo a reposición dos pavimentos e servizos afectados por esta obra.

ECONOMÍA E INDUSTRIA ESTABLECE POR PRIMEIRA VEZ EN GALICIA PAGAMENTOS ANTICIPADOS DE ATA O 80% PARA OS CLUSTERS CO OBXECTIVO DE MELLORAR A COMPETITIVIDADE DO TECIDO EMPRESARIAL

- *A Consellería que dirixe Javier Guerra senta as bases para regular a concesión das primeiras subvencións para os clusters empresariais galegos cunha convocatoria en concorrencia competitiva*
- *Os pagamentos anticipados de ata o 80% poderán facerse sen necesidade de prestacións de garantías previas a favor da Xunta de Galicia*
- *Trátase dunha medida pioneira que mobilizará 2,4 millóns de euros para o desenvolvemento de proxectos por parte do tecido empresarial*
- *Esta iniciativa permitirá aos clusters galegos acometer proxectos novos sen ter que preocuparse polo acceso ao crédito para levalos a cabo*

O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe hoxe ao proxecto do acordo que autoriza a Consellería de Economía e Industria a establecer, por primeira vez en Galicia, anticipos de ata o 80% do importe das subvencións sen necesidade de garantías aos clusters empresariais galegos no marco da orde pola que se sentan as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva. O obxectivo último destas axudas é a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma

Nesta orde de apoios económicos, que conta con 2,4 millóns de euros, instrumentáanse catro liñas de axuda. A primeira, de reforzamento, prevé subvencións de ata o 50% para financiar servizos de consultoría externos para procurar a mellora competitiva do conglomerado empresarial que presente o cluster. A segunda, de formación, instrumenta subvencións de ata o 60% para financiar accións formativas desenvolvidas ou contratadas polo cluster para mellorar a capacitación do capital humano. A terceira e a cuarta, implementan subvencións de ata o 100% para bolseiros, co obxectivo de formar a novos traballadores, e gastos de persoal.

Esta iniciativa, pioneira en Galicia, beneficiará á ducia de clusters empresariais existentes en Galicia, que suman case 700 empresas de diversos sectores que facturan cerca de 14.000 millóns de euros e empregan de xeito directo e indirecto milleiros de traballadores galegos. Esta novedosa iniciativa que anticipará ata o 80% da subvención posta en marcha pola Consellería de Economía e Industria a través da súa Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas permitirá que os clusters galegos acometan novos proxectos que melloren, a medio e longo prazo, a súa competitividade evitando os problemas derivados do acceso ao crédito.

A XUNTA DECLARA A LIÑA DE ALTA TENSIÓN GONDOMAR-O ROSAL PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL PARA BENEFICIAR A MÁIS DE 47.000 GALEGOS

- *Esta infraestrutura supón nunha mellora notable da calidade do servizo eléctrico prestado aos cidadáns dos concellos de Nigrán, Baiona, Gondomar, Tui, Tomiño, O Rosal, A Guarda e Oia*
- *A “L.A.T. 132KV Gondomar- O Rosal” pecha o anel que forman as subestacións Balaídos – Gondomar – Rosal – Tui – Atios, de xeito que todas quedarán dotadas dunha alimentación alternativa que, en caso de avaría, garante a subministración enerxética*

O Consello da Xunta vén de declarar a liña de alta tensión “L.A.T. 132KV Gondomar- O Rosal” (Pontevedra), promovida pola compañía Unión Fenosa, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, ao considerar que o seu impacto trascende ao ámbito municipal por afectar varios concellos e por tratarse dunha infraestrutura dunha magnitude que excede o contorno local.

A liña de alta tensión “L.A.T. 132KV Gondomar- O Rosal” posibilitará pechar o anel que forman as subestacións Balaídos – Gondomar – Rosal – Tui – Atios, de xeito que todas elas quedarán dotadas dunha alimentación enerxética alternativa que, en caso de avaría, garante a subministración e o servizo das subestacións afectadas pola devandita avaría.

Esta infraestrutura supón unha mellora notable da calidade do servizo eléctrico que se prestará a máis de 47.000 cidadáns dos concellos subministrados polas subestacións de Nigrán, Baiona, Gondomar, Tui, Tomiño, O Rosal, A Guarda e Oia.

A liña de alta tensión “L.A.T. 132KV Gondomar- O Rosal” conta co informe emitido pola Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, de acordo co recollido no artigo 13.1 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, no que se informa que o proxecto xustifica o seu carácter supramunicipal por afectar varios termos municipais, sendo esta declaración o primeiro trámite a realizar no procedemento de aprobación do proxecto sectorial.

A XUNTA DE GALICIA APOIA A MONTOTO CON AVAIS POR IMPORTE DE 1,56 MILLÓNS DE EUROS DESTINADOS A COMPLETAR O DESENVOLVEMENTO DO SEU PLAN DE VIABILIDADE

O Consello da Xunta de Galicia acordou autorizar a concesión, polo Instituto Galego de Promoción Económica, de avais por importe máximo de 1.563.800 euros ao grupo téxtil Montoto, no marco dunha operación financeira que contribuirá a completar o desenvolvemento do plan de viabilidade que está a aplicar a sinatura para garantir a súa continuidade no futuro.

A operación que vén de autorizar o consello da Xunta, previamente declarada de interese socioeconómico para Galicia pola Comisión Delegada da Xunta para Asuntos Económicos, está destinada a garantir o 70% do principal de préstamos bancarios por importe global de 2,23 millóns de euros destinados a refinanciamento de pasivos, financiamento de circulante e de necesidades operativas da empresa, que na actualidade dispón dun cadro de persoal integrado por 129 traballadores fixos.

Constituída en 1983, como cristalización das actividades empresariais que viña desenvolvendo Fidel Montoto desde 1954, Generos de Punto Montoto dedícase á fabricación de pezas de roupa exteriores. Con domicilio social en Lalín (Pontevedra), onde dispón de instalacións produtivas que suman máis de 22.000 metros cadrados, a empresa está internacionalizada e dispón tamén de instalacións industriais de máis de 6.000 metros cadrados en Pleven, Bulgaria.

Os importantes investimentos realizados por este grupo empresarial nun momento previo á caída de vendas no mercado, como consecuencia da crise xeneralizada, levaron á sinatura téxtil a dificultades que desembocaron nunha declaración legal en concurso voluntario de acredores, proceso xa superado.

Co refinanciamento de circulante e pasivos que apoia o Igape mediante a operación que vén de ser autorizada polo Consello da Xunta danse os pasos definitivos para completar o desenvolvemento do plan de viabilidade de Géneros de Punto Montoto que, xunto co refinanciamento de débedas, recolle accións como a adecuación do cadro de persoal, que poderá medrar de novo a medio prazo, a medida que aumente a actividade da empresa. O plan de viabilidade tamén recolle a redución dos gastos operativos da empresa, xunto con accións comerciais encamiñadas a incorporar novas liñas de produto e mellorar as existentes.

CULTURA E TURISMO DESTINA 300.000 EUROS PARA O SERVIZO DE SEGURIDADE DA CATEDRAL DE SANTIAGO DURANTE O ANO SANTO

- *O Consello da Xunta acorda a subscrición dun convenio de colaboración entre a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Cabido da Catedral de Santiago para a contratación dun servizo de seguridade na Catedral compostelá durante este Ano Santo*

O Consello da Xunta acordou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración ente á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Cabido da Catedral de Santiago para a contratación dun servizo de seguridade na Catedral compostelá durante este Ano Santo 2010. O orzamento total estimado para a contratación deste servizo supón para a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo un cargo de 300.000 euros.

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, asina este convenio para garantir o bo funcionamento e seguridade da Catedral de Santiago, nun ano no que está prevista unha máxima afluencia de peregrinos e doutros visitantes a Santiago de Compostela. Tanto a peregrinación a Santiago como as visitas á cidade teñen como última etapa a Catedral de Santiago, obxecto de concentración de milleiros de persoas.

O Cabido da Catedral de Santiago destinará os 300.000 euros recibidos pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para a contratación dos servizos necesarios que garantan a seguridade dos visitantes e a boa conservación dos elementos patrimoniais. Controlarase o acceso a Catedral de bolsas e mochilas, deseñarase un mapa de percorridos para a correcta circulación dos turistas e evitar as posibles aglomeracións, controlando o número de visitantes en función do momento e do espazo.

A Catedral de Santiago de Compostela, ben de interese cultural integrante do patrimonio cultural galego, pode ser obxecto de danos como consecuencia desta afluencia masiva de visitantes, sendo precisa a súa protección e conservación.

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ten por obxecto a promoción turístico-cultural e a dotación de servizos dos Camiños de Santiago, a rede de albergues públicos, recuperación patrimonial de rutas e elementos arquitectónicos e artísticos. Dentro das súas funcións de protección do Camiño de Santiago e a coordinación e colaboración para tal fin con outras Administracións Públicas considera necesario subscribir o presente convenio co Cabido da Catedral de Santiago de Compostela para establecer os mecanismos de colaboración entre a e para a contratación dun servizo de seguridade durante este Ano Santo.

En virtude do presente convenio, que estará vixente ata decembro do 2010, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Cabido da Catedral de Santiago crearán unha Comisión Paritaria formada por dous membros nomeados por cada unha das partes, co fin de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

realizar a coordinación e seguimento das actividades conxuntas programadas, así como para velar polo cumprimento do presente convenio.

TRABALLO INVISTE 37 MILLÓNS EN PROGRAMAS MIXTOS DE FORMACIÓN E EMPREGO QUE BENEFICIARÁN A UNHAS 4.000 PERSOAS

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á orde que regula en 2010 as escolas obradoiro e casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento*
- *Neste exercicio, refórzase a valoración dos proxectos sociais como coidado de nenos e nenas, atención a persoas maiores ou con discapacidade, e a axuda a mozos e mozas en risco de exclusión social*
- *Como novidade, inclúese como colectivo preferente ás persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á orde que regula as subvencións dos programas mixtos de formación e emprego, que inclúen escolas obradoiro e casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento. En concreto, esta actuación conta cun investimento de 36,9 millóns de euros para 2010, que permitirá beneficiar a unhas 4.000 persoas.

Estes programas están dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, de forma que se mellore a cualificación profesional dos participantes, para logo favorecer a súa inserción no mercado de traballo. De feito, estes programas teñen un nivel de inserción laboral próximo ao 70 por cento.

Deste xeito, pódense detectar tres dimensións nestas actividades: mellorar a empregabilidade dos traballadores a través da formación teórico e práctica; realizar actuacións de mellora das dotacións públicas que repercuten na mellora da calidade dos servizos para toda a sociedade; e a colaboración da Xunta coas entidades locais e as distintas asociacións representativas da sociedade civil.

Como novidades este ano, cabe destacar dúas. A primeira delas é que se reforzará a valoración dos proxectos dirixidos á implantación de servizos sociais personalizados de carácter cotiá, como coidado da infancia, prestación de servizos a domicilio a persoas con discapacidade ou persoas maiores e axuda a mozos e mozas en dificultades ou con desarraigamento social.

No que respecta á segunda novidade, inclúese neste exercicio como colectivo preferente para participar nestes proxectos ás persoas que esgotaran prestacións ou subsidios por desemprego.

A adxudicación dos proxectos realizarase en dúas comisións de valoración, que terán lugar no mes de maio, a primeira; mentres que a segunda será na primeira quincena de outubro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Os beneficiarios principais destas actividades varían en función da súa tipoloxía. Así, as escolas obradoiro e casas de oficio están dirixidas aos menores de 25 anos, mentres que os obradoiros de emprego son para maiores de 25 anos.

En xeral, teñen preferencia as persoas con especiais dificultades para a súa inserción no mercado laboral, como as mulleres –en especial as vítimas de violencia-, os parados que esgotaran prestacións e subsidios, os parados de longa duración, as persoas con discapacidade e as persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente, os beneficiarios da renda de integración social de Galicia.

Os requisitos para participar, ademais na idade de cada caso, pasan por estar en situación de desemprego e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.

PRETO DE 4.000 PERSOAS DESEMPREGADAS PODERÁN BENEFICIARSE ESTE ANO DOS PROGRAMAS INTEGRADOS PARA O EMPREGO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde da Consellería de Traballo e Benestar que establece axudas dirixidas a corporacións locais e entidades sen ánimo de lucro que está dotada con 5 millóns de euros*
- *Os beneficiarios deberán acreditar experiencia no desenvolvemento de accións de información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica*
- *Os interesados en optar ás subvencións poderán presentar as solicitudes este mesmo mes, unha vez que a orde saia publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG)*

A Xunta destinará preto de 5 millóns de euros entre este ano e o próximo a programas integrados para o emprego, que inclúen accións de diversa índole como información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica.

O Consello da Xunta aprobou hoxe esta orde da Consellería de Traballo e Benestar que establece, en concreto, axudas dirixidas a traballadores e traballadoras en situación de desemprego que se atopen en proceso de inserción laboral por conta allea ou propia, a través de corporacións locais e entidades sen ánimo de lucro.

O Goberno galego estima que 4.000 galegos e galegas poidan beneficiarse destas subvencións que a Administración autonómica outorga aos concellos e entidades que acrediten experiencia na realización de accións dirixidas ao acompañamento de traballadores en situación de desemprego.

Son, desta forma, as corporacións locais e entidades as que elaboran os proxectos dirixidos a políticas activas de emprego integradas e despois son as oficinas de emprego as encargadas de seleccionar ás persoas ou colectivos que poidan formar parte deses plans.

A Consellería de Traballo e Benestar estima que este mesmo mes os concellos e entidades interesadas en acceder a estas axudas poidan presentar as súas ofertas, unha vez que o Diario Oficial de Galicia (DOG) publique a orde. A partir da data de publicación, haberá un mes de prazo para presentar as solicitudes.

A Xunta poderá avanzar ás entidades ata un 80% do custe total dos proxectos co obxectivo de que os concellos e entidades sen ánimo de lucro non teñan que adiantar toda a contía económica.

CONFRARIÁS E ASOCIACIÓNS BENEFICIARANSE DE AXUDAS PARA A PROMOCIÓN SOCIOCULTURAL E DIVULGACIÓN NAS COMUNIDADES PESQUEIRAS

- *A Consellería do Mar destinará 685.600 euros á concesión de axudas para a realización de proxectos participativos de promoción sociocultural que complementan aos proxectos dos Grupos de Acción Costeira, co obxectivo de contribuír á dinamización das comunidades pesqueiras*
- *A Xunta exime como novidade da obriga de presentación de avais para os pagamentos a conta para facilitar o desenvolvemento das actividades e a reactivación económica*

A Consellería do Mar contribuirá á difusión e á dinamización do patrimonio sociocultural das comunidades pesqueiras. Para isto, o Consello da Xunta autorizou a orde que regula a concesión de axudas para realizar proxectos de promoción sociocultural e divulgación nas comunidades pescadoras e o sector pesqueiro para o bienio 2010-2011.

A Consellería do Mar convoca estas axudas para incentivar a realización de proxectos participativos de promoción sociocultural que veñen complementar o programa dos Grupos de Acción Costeira, encamiñado tamén á execución de proxectos de desenvolvemento sostible das zonas de pesca, cuxo orzamento, en desenvolvemento do eixe 4 dos Fondos Europeos de Pesca (FEP) para Galicia, é de 40 millóns de euros ata o 2013.

O departamento que dirixe Rosa Quintana considera que estes proxectos son necesarios como complemento daquelas de tipo máis produtivo de cara a conseguir unha pesca máis responsable e sustentable e asegurar un futuro de benestar económico e dignidade social da profesión de pescador. Por iso, a Consellería do Mar achegará 685.600 euros distribuídos en dúas anualidades, de xeito que 250.600 euros son para o actual exercicio e os 435.000 restantes para o ano que vén. Os proxectos seleccionados recibirán unha axuda, proporcional ao importe solicitado e que non pode superar os 96.000 euros nin ser inferiores aos 15.000 euros.

Principal novidade

A principal novidade desta convocatoria é que por primeira vez o Consello da Xunta acordou eximir da presentación de avais aos pagamentos a conta. A inclusión deste capítulo é importante tendo en conta a actual etapa de dificultade económica na que nos atopamos, na que a moitas entidades lles resulta moi difícil financiar as actividades ata a recepción das axudas e na que a obriga de constituír garantías fai que os pagamentos a conta sexan na práctica inviables, tal e como se puido comprobar na última convocatoria, na que moitas entidades presentaron problemas de financiación e na que varias axudas non puideron ser finalizadas por este mesmo motivo. Isto levou a Consellería do Mar a propoñer a exención da obriga de presentar avais aos pagamentos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

a conta, co fin de facilitar o desenvolvemento das actividades e a reactivación económica.

Proxectos e beneficiarios

Esta liña de axudas permite apoiar proxectos que teñan como finalidade a formación de pescadores, de mulleres do sector pesqueiro ou mozos en áreas de coñecemento relacionadas coa pesca e a súa tecnoloxía, as novas tecnoloxías da información e da comunicación nos seus aspectos de aplicación á pesca e á navegación, as técnicas de xestión e as habilidades sociais, e naquelas dirixidas á diversificación económica das zonas dependentes da pesca en ámbitos vinculados co mar.

Ademais, tamén poden optar a estas axudas aqueles proxectos que teñan como finalidade a formación e a concienciación en materia ambiental sobre o mar e a pesca, a divulgación sobre os valores e o uso sostible de áreas litorais e a protección e conservación destas áreas. O fomento do uso de enerxías e tecnoloxías limpas e de materiais reutilizables e reciclables nas actividades pesqueiras e portuarias, teñen cabida tamén, entre outros.

A Consellería do Mar entende que a participación nos proxectos non debe entenderse limitada aos propios pescadores senón que teñen que abrirse a sociedade. Así, poderán beneficiarse destas axudas as confrarías de pescadores e as súas federacións e as organizacións de produtores pesqueiros recoñecidos, así como as agrupacións ou asociacións de acuicultores ou outros profesionais do sector marítimo e pesqueiro. Pero tamén poden optar a estas subvencións asociacións declaradas de utilidade pública, fundacións e outras institucións sen ánimo de lucro con sede en Galicia, sempre que desenvolvan o proxecto en colaboración con organizacións pesqueiras.

SANIDADE INICIA O DESENVOLVEMENTO DUN SISTEMA INFORMÁTICO PARA CENTRALIZAR OS MÉRITOS DO CURRICULUM VITAE DOS SEUS PROFESIONAIS

A Consellería de Sanidade está a traballar no deseño dun aplicativo informático denominado *Expedient-e único do profesional*, que permitirá centralizar e unificar os méritos de todas e todos os traballadores do sistema sanitario público galego, a través da xestión e o tratamento eficiente do seu Curriculum Vitae.

Desta maneira, os méritos relacionados coa experiencia profesional, formación continuada e posgrao, docencia e investigación, así como outras actividades, serán achegados unha única vez polo profesional, e entenderanse presentados para todos os procesos xestionados na área de Recursos Humanos na que o profesional queira participar, o que elimina a necesidade de presentación de documentación por cada convocatoria.

Coa posta en marcha do Expedient-e, da que xa foron informados os axentes sociais, e que estará listo no prazo de ao redor dun ano, conseguirase unha resolución máis áxil dos procesos que conleven a baremación de méritos (traslados, contratación temporal, procesos selectivos, acomplamentos internos, carreira profesional, entre outros), así como a redución das reclamacións e un importante aforro de papel e outros recursos materiais.

Outra das vantaxes será a modernización da xestión e un incremento da calidade do servizo aos profesionais, posto que o sistema contará con toda a información actualizada sobre o Currículum Vitae dos mesmos, permitíndolle a cada traballador facer un seguimento dos procesos nos que decide intervir a través de consulta do estado dos seus méritos, conseguindo, deste xeito, un sistema áxil e transparente.

En consecuencia, o *Expedient-e único* terá un impacto positivo non só para os 38.000 profesionais que traballan na Administración sanitaria, senón, tamén, para aquelas persoas que se atopan nas listas de contratación temporal con expectativa de emprego.

TRABALLO SUBVENCIONA A CONTRATACIÓN DE 1.400 PERSOAS NAS INSTITUCIÓNS GALEGAS CUN INVESTIMENTO DE 24,6 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á orde que regula os programas de cooperación institucional con órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro*
- *En 2010 a previsión é que as preto de 400 entidades beneficiarias poderán contratar a 1.200 desempregados e a 200 axentes de emprego*

O Consello da Xunta informou hoxe favorablemente sobre a orde da Consellería de Traballo e Benestar dirixida á cooperación coas institucións galegas distintas da local, que subvencionará a contratación de ao redor de 1.400 persoas ao longo deste ano, grazas a un investimento de 24,6 millóns de euros.

Esta orde ten como obxectivo regular as axudas e subvencións para o fomento do emprego, a través dos programas de cooperación cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

Así, a previsión é que neste exercicio sexan preto de 400 as entidades que se verán beneficiadas por esta iniciativa, a maior parte delas de carácter social.

Todos estes órganos, organismos, entidades ou sociedades poderán, grazas a esta orde, contratar a uns 1.200 traballadores desempregados e a uns 200 axentes de emprego e unidades de apoio, como principais activos na implantación de políticas activas de emprego da Xunta.

Os beneficiarios realizarán labores de obras ou servizos de interese xeral e social, mentres que os axentes de emprego colaborarán na implantación de políticas activas de emprego e desenvolverán funcións relacionadas coa dinamización e coa creación de actividade empresarial.

Esta orde permite mellorar a empregabilidade dos seus beneficiarios a través dun contrato laboral, proporcionándolles a experiencia e práctica profesional necesaria para facilitar a súa posterior inserción laboral. De feito, nesta convocatoria porase especial énfase, no que se refire aos criterios de selección, en primar aqueles proxectos que acrediten un maior nivel de inserción laboral.

Este proxecto inscríbese na aposta firme do Goberno autonómico polas políticas activas de emprego, que se veñen desenvolvendo tamén a través dos programas mixtos de formación e emprego (como os obradoiros) ou no programa de cooperación coas entidades locais.